

ACTA DA REUNIÓN DO XURADO DO  
*I CERTAME DE POESÍA BEATRIZ DA SERRA*

O día 28 de maio de 2020, reúnese por medios telemáticos o xurado do I Certame de Poesía Beatriz da Serra composto polas seguintes persoas:

- Aurora Fontán Loureiro, profesora do CEP Neira Vilas,
- María do Carme Vilar Díaz, profesora de Lingua Galega e Literatura e coordinadora do Equipo de Dinamización da Lingua Galega do CPI Arquitecto Palacios de Panxón (Nigrán),
- Natalia Vanesa Vargas González, profesora do CEIP Carlos Casares de Vilariño (Nigrán) e coordinadora do Equipo de Dinamización da Lingua Galega,
- Santiago Veloso Troncoso, profesor de Lingua Galega e Literatura do IES Terra de Turonio de Gondomar, presidente da asociación Ponte... nas ondas!,
- María Pilar Fernández López, profesora de Lingua Galega e Literatura no IES Escolas Proval de Nigrán.

Despois das oportunas deliberacións, ACORDAN outorgar os seguintes premios:

MODALIDADE A:

- 1º Premio: Iria Pazos Anierte, alumna do CEIP Carlos Casares, polo seu poema "Paisaxes esquecidas".
- 2º Premio: Noa Sabín Cardoso, alumna do CEIP Carlos Casares, polo seu poema "Paxariños".

#### MODALIDADE B:

- 1º Premio: Iria Ludeña Pérez do CPI Covaterreña polo seu poema “Unha gaiola de 50 paxaros”
- 2º Premio: Irene Pérez González do IES Terra de Turonio polo seu poema “Pombas e rulas”.

Por unanimidade, o xurado acorda facer unha mención especial para deixar constancia da excelencia dos poemas “Abismo” e “Atentamente, eu”, que non poden recibir premio por ser da mesma autora de “Unha gaiola de 50 paxaros”, Iria Ludeña Pérez.

#### MODALIDADE C:

- 1º Premio: Clara Rey Barona do IES Escolas Proval polo seu poema “Dor”.
- 2º Premio: Helena Iglesias Cabral do IES Escolas Proval polo seu poema “Tan só morren os do primeiro mundo?”

A organización do certame tomará as medidas oportunas para comunicar ás persoas interesadas as decisións acordadas polo xurado.

Val Miñor, 28 de maio de 2020

*En representación da organización do certame, toma nota dos acordos do xurado e redacta esta acta María Luísa Guerra Cañizo, coordinadora do Equipo de Dinamización da Lingua Galega do IES Escolas Proval*

Asdo: María Luísa Guerra Cañizo